

celga 4

UNIDADE
12

lecer



Tarefa final: preparar unha xornada de lecer para todo o grupo

obxectivos

Poñer en relación as opinións propias coas alleas
Expresar apreciacións e consideracións
Argumentar e negociar
Falar de proxectos e circunstancias
Expresar probabilidade
Expresar condicións
Falar do futuro

1. Hoxe non hai que traballar e non hai clase de lingua. Tedes todo o día para facer o que queirades, sempre que o fagades xuntos. Pero antes de nada, que é o que che gusta facer nun día libre? Escríbeo en dez liñas (100 palabras).

2. Intercambia co teu compañeiro ou compañeira o papel no que escribiches as túas actividades preferidas para unha xornada de lecer. Pídelle que che explique o que non entendas.

3. Imos facer unha lista dos gustos de toda a clase. Un compañeiro ou compañeira túa ou o profesor vai tomar nota no encerado das cousas que preferides todo o grupo.

4. Agora vas ver unha serie de vídeos sobre cousas que se poden facer en Galicia nun día de vacacións calquera. Completa a grella que tes a continuación para detallar as alternativas:

	que	onde	detalles
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			

5. Xa ves que en Galicia se poden facer cousas de todo tipo. Das que se propoñen nos vídeos, cantas hai que están recollidas na lista de preferencias da clase que elaboramos na actividade 3? Hai algunha suxestión que fai que queirades engadir algo á lista? Agora é o momento.

6. Para planificar un día completo, non podemos deixar cabos soltos. Co teu grupo, elaborade o horario do día na seguinte grella:

hora	actividade
10	
12	
14	
16	
18	
20	
22	

Debedes estar todos de acordo na proposta.

7. Agora imos poñela en común co resto da clase. As actividades son para todos, así que non pode haber ningunha actividade que exclúa a ninguén, aínda que non todas sexan as nosas preferidas. Por exemplo: se alguén é vexetariano, non pode ir comer carne (a non ser que haxa un menú alternativo).
8. Xa temos o horario para todo o día. Cada grupo vaise facer cargo dunha das actividades, ata telas todas repartidas.
9. Co teu grupo, tedes que preparar un plan para a actividade ou actividades que vos tocan. Ten que ser un plan detallado, no que aparezan todos os pasos que hai que dar para preparalo. Se, por exemplo, queredes xogar un partido de fútbol, debedes recordar a roupa e o calzado, o balón, o campo, como chegar ata alí etc.
10. Tendo todos o traballo en grupo rematado, agora tedes que poñelo en común. Atendede os plans dos outros grupos, porque pode ser que esquecesen algunha cousa importante. O que conta é o resultado final, que todos e todas se divirtan no día de lecer.

11. Agora xa podemos recompilar toda a información, en dous formatos: por unha parte, un horario de actividades para o día de lecer, de acordo coa grella da actividade 6, e unhas instrucións para preparar o día.

12. Realización do día de lecer.

13. Agora podemos facer un balance, para ver se todo foi como estaba previsto. Ide anotando, en parellas, se cada unha das actividades se desenvolveu tal e como se planeara, se fallou algo e por que.

14. Poñemos en común a información da actividade 13.

15. Recompilade toda a información desta unidade, tanto as planificacións como os horarios. Achegade as fotos que se fixesen e os resultados da revisión das actividades 13 e 14.

**Guía para o profesor**

Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes.

O ideal é que a actividade prevista teña lugar. Para facelo posible, pódese aplicar a unidade a calquera actividade de lecer que os estudantes queiran realizar conxuntamente. Pode ser unha visita a un museo, unha

cea ou calquera outra cousa. Se non se pode realizar polas circunstancias que sexa, a unidade remata na actividade 11.

Os vídeos da actividade 2 pódense substituír polas páxinas de lecer de calquera publicación ou por unha selección de actividades na área nos días nos que se realice a actividade. Os seguintes vídeos da CRTVG son unha simple suxestión que cobre algúns dos eventos de Galicia no momento no que se redactou o material.

A reprodución de toda a documentación pasa a formar parte do pasaporte lingüístico dos estudantes.

Vídeos:

Gastronomía:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2235&corte=2008-04-07&hora=18:34:55&canle=tv2>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=360&corte=2007-06-29&hora=12:47:51&canle=tv1>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2698&corte=2008-05-11&hora=20:47:49&canle=tv1>

Cine:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=1597&corte=2008-02-11&hora=18:42:15&canle=tv2>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2499&corte=2008-04-26&hora=12:34:07&canle=tv1>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2639&corte=2008-05-06&hora=18:43:02&canle=tv2>

Jazz:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2580&corte=2008-04-30&hora=19:59:23&canle=tv2>

Teatro:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2622&corte=2008-05-05&hora=18:42:26&canle=tv2>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2146&corte=2008-03-31&hora=18:43:29&canle=tv2>

Folck:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=547&corte=2007-08-13&hora=15:15:15&canle=tv1>

<http://www.agalega.info/videos/?emi=392&corte=2007-07-07&hora=14:57:01&canle=tv1>

Canarios:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=1348&corte=2008-01-18&hora=12:48:54&canle=tv1>

Pombas:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=1317&corte=2008-01-14&hora=18:38:55&canle=tv2>

Kaiak:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2730&corte=2008-05-11&hora=15:22:33&canle=tv1>

Rafting:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2417&corte=2008-04-20&hora=15:18:57&canle=tv2>

Espantallos:

<http://www.agalega.info/videos/?emi=2738&corte=2008-05-13&hora=20:24:13&canle=tv1>

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?